

MELIDE

A Xunta varía a amplicación do Centro Médico ó reubicar as urxencias P9

COMARCA

Urxen expropiar os terreos para a mellora da estrada a Visantoña P11

CULTURA

A comarca prepárase para a afluencia de peregrinos co Xacobeo P15

ENTREVISTA

Eva Camba e Susana Castro, CCXestión



“O noso cliente valora pagar unha cota fixa por tódolos trámites” P22

Comezan as rebaixas con descontos de ata un 70%



As inseparables compañeiras das festas de Nadal, as rebaixas de inverno, xa chegaron á Terra de Melide. Os máis buscados son os descontos en roupa e calzado, que oscilan entre o 20% e o 50%. Os comercian-

tes melidenses aseguran que nas segundas rebaixas os descontos poderán chegar ata o 80%. Nos primeiros días de promoción foron poucos os veciños que saíron á rúa na procura de auténticas gangas. P4

9.000 euros para superar a temida costa de xaneiro



Xa se coñecen os números agraciados na campaña de Nadal que organizaron Asetem e Vila de Melide. Os premios acumulan un total de 9.000 euros P3

Os tres partidos políticos piden á Xunta un Grumir



BNG, PSOE e PP puxéronse de acordo para solicitar un grupo de intervención rápida ó ser a vila cabeceira dunha comarca, que non ten este servizo P8

Editorial

2009, o ano da crise

Deixamos atrás o 2009. Foi o ano no que 'a crise' -poñémola entre aspas porque falamos dela coma se fora unha persoa coñecida- amosou a súa faciana máis crúa no noso país, na nosa comunidade e na nosa comarca. No ano anterior, no 2008, xa se deixara ver, aínda que ninguén sabía ata que punto poderían chegar as súas consecuencias. Agora todos sabemos, en maior ou menor medida, o que é.

A Terra de Melide, cuxa economía se vertebra arredor do sector agrogandeiro, entre outros, viviu moi de preto a dificultosa situación que están a atravesar os traballadores do campo. É especialmente crítica a posición dos gandeiros de leite, que ven como as industrias lle pagan o produto por debaixo do seu custo. Unha circunstancia totalmente inxusta e, dende o noso punto de vista, prexudicial para todo o mercado e a economía xeral a medio e longo prazo.

Dende a Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem-Cca) amosamos a nosa solidariedade cos gandeiros a través dos peches dos establecementos comerciais e das concentracións que se levaron a cabo ó longo do ano. Recordamos especialmente o día 16 de abril, cando o pobo melidense acudiu en masa á praza dos Cantóns para expresar o seu apoio ós gandeiros.

Pasados uns meses, dende Asetem mantemos incombustible ese apoio cara a totalidade dos traballadores do sector primario que viven na zona, xa sexan gandeiros ou labregos. Porque non hai que olvidar que os agricultores tamén pasan momentos de dificultades. E, como ocorre cos gandeiros, a economía non pode subsistir sen a súa



produción. Sabemos que os cartos dos gandeiros e labregos revirten directamente no comercio da vila e que, sen as súas compras, éste non podería seguir adiante.

Tamén foron especialmente duros os momentos que se viviron na comarca cando a empresa Leche Pascual deixou de recoller parte da produción da cooperativa Melisanto, da que son socios moitos gandeiros nos nosos concellos.

Dende esta tribuna apelamos ó traballo dos representantes dos gandeiros, os sindicatos agrarios. Creemos, como moitos gandeiros que se pode facer máis, que se pode seguir loitando polos dereitos dos traballadores do agro, para conseguir que se recoñeza e dignifique a súa labor. Porque en pleno século XXI persisten circunstancias que os si-

túan como traballadores "de segunda", algo que reixecemos dende a nosa organización. E dende aquí, tamén deixamos as portas abertas a colaborar na dinamización do sector, intensificando as relacións empresa-gandeiro.

A palabra colaboración tamén cobrou especial importancia para Asetem-Cca nos últimos meses do 2009. Achegábase o Nadal e xunto co Cca Vila de Melide decidimos xuntar ideas e esforzos para desenvolver a primeira campaña de Nadal conxunta no comercio melidense. Celebramos este clima de entendemento coa outra patronal da vila que, sen dúbida, terá unha continuidade de acción neste ano que comeza. No 2010, seguiremos incansables, como ata o de agora, servindo ás empresas e comercios da comarca, que seguirán loitando contra a crise.

Tribuna de opinión

Máis oportunidades

Xunta Directiva de ASETEM-CCA



Feito xa balance do 2009, coa chegada do ano novo cómpre facer plans e preparar os obxectivos que queremos acadar ó longo deste exercicio. O 2010 pode ser, se o sabemos canalizar, un ano importante para o desenvolvemento comarcal. Contamos con varios recursos. Uns son os que permanecen no tempo, os derivados da terra, os da cercanía cos principais centros de actividade económica da comunidade galega e, ademais, o de atoparnos en pleno Camiño de Santiago. Sempre os teremos aí e debemos saber utilízalos para que nos sexan rendibles.

Tamén nós, Asetem-Cca, como recurso de comunicación e integración de proxectos en común dos empresarios da bisbarra, de aqueles que xunto co espírito emprendedor unen obxectivos de creación de riqueza e postos de traballo dignos.

Por suposto tamén daqueles que se resisten a ter que emigrar ou os que chegan a esta terra como emigrantes e

queren vivir do seu traballo e unirse a esta creación de riqueza.

E, por último, os recursos que deberían vir dos nosos impostos e dos que boa parte foron e son para o servizo de altos executivos das grandes empresas das finanzas e demais monopolios e centros de poder. Poñamos a andar eses recursos!

Á nosa ubicación privilexiada debemos unir o traballo colectivo que se fai dende Asetem-Cca. Temos que esixir a implicación das institucións públicas no claro proxecto de sacar o interior de Galicia do atraso que levou a tantos veciños á emigración. Atraso que aínda hoxe pervive cando non se lle devolven ós produtores da riqueza as medidas e medios para facer realidade os seus proxectos. Pedirilles tamén que poñan freo á especulación e acumulación de riqueza en mans duns poucos, que son os que verdadeiramente gozan de "liberdade de mercado" e do resto de liberdades.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta. 2.000 exemplares

DIRECCIÓN E REDACCIÓN: Tamara Navaza Sa

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981506188 E-mail: info@asetem.com

SECCIÓN COLABORACIÓNS: Asociación de Troiteiros 'Río Furelos', Xosé Domingos Fuciños, José Nuñez López, Daniel Roibás

AGRADECEMENTOS: M^a Pilar López, Jorge Sangiao

IMPRESIÓN: Norprensa S.A.

DEPÓSITO LEGAL: LU-456-05

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....	2
-EMPRESA.....	3
-MELIDE.....	9
-COMARCA.....	12
-CULTURA E LECER.....	14
-COLABORACIÓNS.....	19
-AXENDA.....	21
-ENTREVISTA.....	22
-AS NOSAS PAISAXES.....	23
-CONTRAPORTADA.....	24

Repartíronse 26 premios que acumulan unha cantidade total de 9.000 euros

A sorte xa está botada para os agraciados pola campaña de Nadal

Os agraciados teñen ata o 25 de xaneiro para presentar as rifas en Asetem

Expectantes e con nerviosismo. Así se atopaba o abundante público que acudiu ó salón de actos de Asetem o pasado día 7 para presenciar en vivo o sorteo dos premios da campaña de Nadal. Entre os presentes atopábase a presidenta de Asetem, Sonia Valiño, así como a responsable do Cca Vila de Melide, María Rosa Cabado, as dúas patronais organizadoras.

Pasaban as nove da noite cando comezou o sorteo, que se celebrou polo sistema de 'man inocente'. Entre os presentes, numerosos comerciantes apuntaban un tras outro os números que ían saíndo para coñecer se eles mesmos entregaran o boleto premiado. En total extraéronse 52 números, a metade como titulares e a outra en concepto de reserva. Cada número ten o seu correspondente reserva, que non poderá ser presentado en lugar doutro número principal, aínda que sexa dun premio da mesma cuantía.

A lista de números estará exposta nos establecementos que participaron na campaña dende a vindeira semana.

Entrega dos premios

Os agraciados terán de prazo ata o luns, 25 de xaneiro, ás 13.00 horas, para presentar os boletos premiados, tanto os titulares como os de reserva. Terán que entregalos na sede de Asetem, na rúa Lino Sexto Sánchez, 2 baixo.

Os premios serán entregados da man dos titulares de cada establecemento nun acto organizado polas patronais. En tódolos farase a entrega da cantidade correspondente en vales por valor de 50 euros cada un, que poderán ser canxeados nos establecementos participantes.



Extracción dun dos números premiados na campaña de Nadal

Participación "masiva" dos comerciantes e boa acollida do público

Tralo remate da campaña, tanto Asetem-Cca como Cca Vila de Melide valoran a participación "masiva" dos comerciantes, xa que se inscribiron uns 100 establecementos da vila. Ademais, agradecen a "boa acollida" dos veciños da comarca, que levaron coas súas compras preto de 100.000 boletos.

Por unha banda, a promoción buscaba fomentar as compras no comercio da vila e, pola outra, era un xeito de "premiar a fidelidade" dos clientes dos establecementos melidenses.

Con respecto ás vendas, os comerciantes aseguran que "foise vendendo" aínda que non tanto coma outros anos. De tódolos xeitos, os días previos a festividades coma o 25 de decembro ou o día de Reis os comercios da vila estiveron ateigados de xente e permaneceron abertos ata ben avanzada a tarde.

Ademais dos premios metálicos 'Este Nadal toca en Melide' tamén repartiu agasallos variados, que se sortearon a través de Radio Melide dende o 10 de decembro ata a víspera de Reis. Os agraciados levaron para as súas casas gafas de sol, lotes de bebidas, un microondas, un xogo de maletas, unha lámpada de cociña, sesións de fisioterapia e podoloxía, complementos para o fogar, artigos deportivos e varias prendas de vestir, ademais de varios vales de compra de 60 euros e varias ceas.

Rematada esta campaña, Asetem e Vila de Melide xa están preparando a promoción para o Día dos Namorados. Deste xeito dáse continuidade á colaboración conxunta que comezou con esta primeira acción promocional.

Números premiados

1º PREMIO - 3.000 EUROS

62.337 (Hotel Carlos 96)
Reserva: 92384 (Libería Cousas)

2º PREMIO- 2.000 EUROS

46408 (Supermercado Santos)
Reserva: 2189 (Leiva Motorsport)
2.292 (Leiva Motorsport)
Reserva: 313 (Deportes López)

3º PREMIO- 500 EUROS

77142 (Librería Cousas)
Reserva: 20.288 (Seguros Bilbao)
89124 (Perfumería Lyss)
Reserva: 62.968 (H. Carlos 96)
11.671 (Academia Aprende)
Reserva: 42.103 (Silvia Novias)

4º PREMIO - 200 EUROS

85.110 (Cousas Coruña)
Reserva: 94.058 (Leiva Mortorsport)
351 (Deportes López)
Reserva: 46.600 (Supermercado Santos)
12.101 (Mercería Marvi)
Reserva: 48.206 (Tintorería Iris)
17.891 (Mama Euro)
Reserva: 26.756 (Muebles Paula)
30.403 (Cervecería Orois)
Reserva: 8.563 (Ribeirao)

5º PREMIO- 100 EUROS

81.207 (Toño Peluqueros)
Reserva: 62.495 (H. Carlos 96)
47.633 (Tintorería Iris)
Reserva: 84.202 (Xoiería Roval)
93.315 (Q me compro)
Reserva: 53.440 (Toño Peluqueros)
47.127 (Expert Melide)
Reserva: 49.894 (Bodega Curros)
92.939 (Perfumería Lyss)
Reserva: 53.001 (Pulpería Ezequiel)
16.302 (Angarela)
Reserva: 27.202 (Muebles Paula)
37.442 (Bambi Moda Infantil)
Reserva: 81.196 (Toño Peluqueros)
10.601 (Librería Cousas)
Reserva: 91.325 (Xoiería Roval)
30.099 (El Dandolo)
Reserva: 50.371 (Bodegas Curros)
74.973 (Xoiería Roval)
Reserva: 79.845 (C. Comercial Ares)
17.829 (Mama Euro)
Reserva: 26.538 (Peluquería Skala)
81.361 (Toño Peluqueros)
Reserva: 10.997 (Librería Cousas)
25.173 (Estación Serv. Corredoiras)
Reserva: 46.599 (Super Santos)
1.478 (O Sapo Lambón)
Reserva: 92.171 (Librería Cousas)
15.939 (Electricidade Vilela)
Reserva: 41.757 (Pescadería Manolo)

As rebaixas traen descontos de ata o 80% no comercio

O sector agarda manter as vendas con respecto á campaña de Nadal

Como cada ano, a resaca do Nadal trae unhas compañeiras inseparables, as rebaixas. O comercio melidense ofrece descontos de ata o 50%, para os primeiros días, que poderán chegar ata o 80% na segunda fase das promocións.

Como de costume, os descontos máis buscados serán na roupa e no calzado. Aínda que a maior parte dos establecementos da vila -independentemente do sector- fan descontos por esta época.

Os comerciantes esperan manter as vendas da campaña de Nadal, a pesar de que din, non foi tan boa coma anos atrás. “A xente comprou pero nótase que gastan moito menos ca antes”, aseguran.

Houbo moitas tendas que xa puxeron descontos antes das rebaixas, precisamente para animar o consumo no Nadal. Agora, seguen con descontos pero non se plantexan facelos superiores ó 50% ata dentro de varias semanas, cando poñan as segundas rebaixas. “Hai que aguantar estes descontos unha temporada, porque xa tiñamos algo antes do Nadal”, razonan. Tamén os hai que tiran a casa pola ventana dende o primeiro día, ofrecendo rebaixas de ata o 70%.

Con todo, os comerciantes non son moi optimistas de cara a esta campaña de inverno, ó ver que aumenta o aforro das familias. Segundo a



Escaparate dun comercio de roupa en Melide

Federación de Usuarios-Consumidores Independientes, cada galego gastará uns 90 euros de media, dato que contrasta cos máis de 100 que se viñan contabilizando hai un par de anos.

Pouca afluencia

O primeiro día de rebaixas, o 7 de xaneiro, houbo pouca afluencia de clientes nos comercios. Os propietarios achácanos a que aínda están moi recentes as compras de Reis e ademais o tempo invernal non

animaba á xente a saír da casa. Non obstante, xa houbo quen foi botando ollo e facendo as primeiras compras. E algún que outro despistado que aínda acudía a comprar os agasallos de Reis para familiares ou amigos.

Reparto de cartelería

Asetem-Cca e Cca Vila de Melide reparten entre os seus socios comerciantes os carteis oficiais que a Federación Galega de Comercio deseña para o período de rebaixas. Os inte-

resados poden pasar a recollerlos na sede de Asetem, na rúa Lino Sexto Sánchez en horario de 8.30 a 13.00 horas.

Planear as compras con antelación, o principal consello

Para non levar sorpresas coa carteira despois de ir de rebaixas, as organizacións de consumidores recomentan planificar as compras con anterioridade.

Recordan que se debe gardar sempre o xustificante da compra, posto que é a única garantía que o cliente ten ante unha posible devolución ou cambio do produto.

Na etiquetaxe debe aparecer especificado o prezo con desconto e o anterior. No tocante á calidade dos produtos, advirten ós compradores que non acepten mermas na calidade. Debe ser a mesma que durante o resto do ano. En caso contrario, indican que, sempre que o consideren oportuno, os clientes poderán presentar unha queixa formal solicitando as follas de reclamación que tódolos establecementos comerciais deben ter. As reclamacións tamén se poden presentar ante a Organización de Consumidores e Usuarios (Ocu) e nas administracións de consumo provinciais e autonómicas.

Axudas

1. Subvencións a proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia (DOGA nº250 de 24 de Decembro de 2009).

Liñas de Axuda:

- I.Diversificación cara actividades non agrarias
- II.Creación e desenvolvemento de microempresas
- III.Fomento de actividades turísticas
- IV.Servizos para economía e poboación rural
- V.Conservación e mellora do patrimonio rural

2.Axudas para promoción e mellora da comercialización de produtos agrarios e agroalimentarios (DOGA nº 252 de 29 de Decembro de 2009) Para empresas agrarias e agroalimentarias, excluídas as de alimentación animal.

Conceptos subvencionables:

- a)Material divulgativo e promocional
- b)Participación en certames comerciais
- c)Asistencias técnicas
- d)Formación
- e)Contratación de persoal

3.Préstamos para a Renovación do parque de Autobuses e Autocares, PLAN VIVE AUTOBUSES 2009-2010

(BOE nº 166 de 10 de Xullo de 2009). Modalidade: Préstamos ou leasing con tipo de xuro bonificado.

Dirixido á adquisición de autobuses ou autocares categoría M2 ou M3 a condición de que den de baixa outro vehículo da mesma categoría con máis de 10 anos de antigüidade.



...a peza que precisa a súa empresa

laboral
contable
fiscal
sucesións
tráfico
seguros

Solicite presupuesto sen compromiso !!

R/ Florentino L. Cuevillas, 2 Baixo
15800 MELIDE A Coruña
Tf: 881 973307 Fax: 881 975314

info@ccxestion.com
www.ccxestion.com

Asetem denuncia a Fisconta Empresarial por engano

O tesoureiro da asociación puxo a demanda por ser o afectado directo

O tesoureiro da Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem-Cca), Avelino Laya, denunciou ó titular da asesoría Fisconta Empresarial, José Antonio Rodríguez Álvarez, por engano contra a súa persoa. Laya iniciou este trámite respaldado pola xunta directiva da asociación.

Os feitos remóntanse ó día 30 do pasado mes de novembro, cando Laya López recibiu

no seu negocio a visita do responsable da asesoría melidense que, aproveitando un momento no que estaba atendendo a un cliente, apremiou a asinar unha carta e recoller certa documentación relacionada coa contabilidade de Asetem. Laya accedeu a asinar “ó fiarse del”, segundo declarou ó interpoñer a denuncia.

O escrito referíase á entrega da documentación da contabilidade de Asetem, que Fisconta Empresarial ten no seu poder e se nega a entregar dende hai meses, agora que xa non é responsable destes trámites administrativos. Na carta, que fora preparada por Rodríguez de antemán, indicábase que quedaba entregada

“a totalidade” da documentación, cando non se correspondía nin coa metade da que Asetem tiña que recibir. Ademais, indicaba que con este trámite quedaba resolta “toda relación contractual entre ambas entidades”, que “non poderán reclamarse nada mutuamente”.

Ó percatarse do engano tras revisar os documentos entregados cos directivos de Asetem, Laya decidiu iniciar accións legais contra Rodríguez Álvarez. En días posteriores á denuncia, datada no 2 de decembro, Asetem reclamou a documentación restante a través dun burofax enviado por un despacho de avogados, do que aínda non se obtivo resposta algunha.

A tarxeta de puntos de Asetem queda finalista no premio E-commerce que outorga Eganet



Intre no que a presidenta de Asetem, Sonia Valiño, -á esquerda- recibe o premio.

A tarxeta de fidelización do comercio de Melide, Fidelimelide, quedou como finalista na categoría de E-commerce dos premios que concede a organización de Empresas Galegas adicadas a Internet e ás Novas Tecnoloxías (Eganet). Este premio é un recoñecemento a unha iniciativa pioneira no ámbito do comercio por parte dunha asociación de empresarios dunha vila galega, tendo en conta que as este tipo de

tarxetas son propias de grandes cadeas ou multinacionais.

Os premios foron entregados o pasado 16 de decembro nun acto celebrado no Auditorio de Galicia en Santiago.

A presidenta de Asetem, Sonia Valiño, acudiu a recoller o galardón, que foi entregado pola directora xeral de Comercio da Xunta, Nava Castro.

Máis de ano e medio

A tarxeta de puntos creada por

Asetem, púxose en funcionamento hai agora máis de ano e medio. Nesta iniciativa, que puxo en marcha a empresa Ava Soluciones, participan unha vintena de establecementos comerciais da vila. Os clientes acumulan puntos que logo poderán canxear por outros produtos ou por descontos nas súas compras. Cada portador da tarxeta pode saber de cantos puntos dispón a través da consulta nunha web.

Asetem reúnese coa Directora Xeral de Comercio en Santiago

Iniciáronse os contactos para desenvolver accións a prol do sector na localidade

A presidenta da Asociación de Empresarios Terra de Melide-Centro Comercial Aberto (Asetem-Cca), Sonia Valiño, asistiu o pasado día 17 en Santiago a unha reunión coa directora xeral de Comercio, Nava Castro, e o seu equipo.

Asetem solicitou este encontro co fin de buscar axudas para o comercio da localidade, que coma tódolos sectores económicos, atravesa momentos difíciles debido á actual situación económica.

Castro amosouse receptiva e trasladou a vontade da Xunta de colaborar e respaldar calquera iniciativa que favorecera o desenvolvemento dos establecementos comerciais de toda a comarca.

No encontro tamén se abordou a existencia de dous centros comerciais abertos na vila. A directora xeral indicou á representante de Asetem-Cca que o máis positivo para a marcha do comercio sería a unión das dúas entidades. Neste senso, dende Asetem-



Nava Castro

Cca existe unha vontade de traballo nesta dirección, que xa comezou coa posta en marcha da primeira campaña de Nadal conxunta.

Ademais, analizar esta cuestión faise preciso debido á inminente reforma da Lei de Comercio de Galicia que prepara a Xunta.

Por outra banda, abordouse a realización dunha promoción a través do xornal Cerne relacionada co comercio melidense. Dende Asetem preparan esta iniciativa, que deberá ser aprobada pola Xunta.



Tablas Racións Almorzos

Os fins de semana achégate a tomar unha copa e disfrutar da boa música!

Avda de Toques,35 - Melide


Premios da campaña 'Mercar no pequeno comercio'



Na Casa das Luces tocou un grabador MPEG con disco duro extraíble, que recolleu Rosa María Rigueiro no nome do seu marido, Jesús Manuel López, quen tiña o boleto premiado. Entregáronlle o premio a presidenta de Asetem, Sonia Valiño, e a propietaria do comercio, Marisa Casal.



Ángela Varela Mendoza resultou premiada cun reprodutor MP4 de 8 GB ó recibir un boleto tras mercar na Perfumería Lyss. Entregáronlle o premio a copropietaria do establecemento, Ángeles Sánchez, e a presidanta de ASETEM, Sonia Valiño.



Mari Paz Ramos foi a premiada cun sintonizador de TDT que recolleu o seu home, Luis Manuel Mejuto, na clínica Fisio-Vida. Recolleu o premio de mans de Paula García, propietaria do negocio e de Sonia Valiño, presidenta de Asetem.

Asetem recoñecida pola Confederación de A Coruña e a Feaga



A presidenta de Asetem, Sonia Valiño, cos galardóns

A Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem-Cca) recibiu o recoñecemento da Confederación de Comercio de A Coruña e da Federación de Autónomos de Galicia (Feaga). Trátase dunha distinción polo traballo realizado a prol do comercio e dos autónomos.

A presidenta de Asetem, Sonia Valiño, foi a encargada de recoller os galardóns no acto celebrado ó peche da XVI Feira de Mostras da Coruña, en presenza do presidente da Federación de Comercio, Miguel Agromayor, e do responsable da Feaga, Paulino Franco.

Reseña fiscal e laboral

1. Deducción por obtención de rendimientos del trabajo o de actividades económicas

Para o ano 2010, os contribuíntes cuxa base imponible por rendimentos do traballo ou de actividades económicas sexa inferior a 12.000 €/anuales, deducirán ata 400 €/anuais.

2. Retencions a conta do IRPF para 2010:

Producíronse modificacións nas porcentaxes de retencions a conta do IRPF para o 2010. As máis relevantes son:

- a) Rendimentos do capital mobiliario: 19%
- b) Premios derivados da participación en xogos, rifas, concursos ou combinacións aleatorias: 19%
- c) Rendimentos procedentes do arrendamento ou subarrendamento de bens inmoables urbanos: 19%

3. Bases de cotización ao Réxime Especial dos Traballadores por Conta Propia ou Autónomos (RETA)

As bases máxima e mínima de cotización serán, dende o 1 de Xaneiro de 2010, as seguintes:

- a) A base máxima: 3.198,00 €/mes.
- b) A base mínima: 841,80 €/mes.
- c) As base de cotización dos Autónomos maiores de 50 anos estarán entre 907,50 y 1.665,90 €/mes, con carácter xeral.

O sector hostaleiro da comarca en contra da reforma da lei antitabaco

Algúns propietarios din non ter feito obras porque “vían vir” o cambio da norma

Ante a posible reforma da lei antitabaco que prohibiría fumar en tódolos establecementos públicos, os hostaleiros da comarca aseguran que o cambio na lexislación relacionada co tabaco traería para eles “a ruína”.

Dende o Ministerio de Sanidad avanzaban a mediados de decembro que existía “un consenso importante” entre as formacións políticas para levar a cabo a reforma da normativa antitabaco e eliminar así os fumes en tódolos lugares públicos. Este cambio chegaría só tres anos despois de que quedara prohibido fumar nos lugares públicos. Para os establecementos hostaleiros, a normativa establecía que se o local tiña unha superficie inferior ós 100 metros cadrados debería escoller se catalogarse como de fumadores ou de non fumadores. Se superaban os 100 metros deberían habilitar unha zona para os fumadores e outra para os non fumadores, con instalación de sistemas de ventilación independentes.

Na comarca da Terra de Melide, a gran maioría dos bares e cafeterías de pequena superficie escolleron permitir fumar no seu interior.

Agora reciben de mala maneira a probable reforma da lei, que só permitiría fumar nas terrazas, no suposto de estar ubicadas no exterior do establecemento.

No caso dos restaurantes da



A reforma da actual lei antitabaco prohibiría captar esta fotografía nos bares

comarca decantáronse por colgar o cartel de ‘Prohibido fumar’ na zona de comedor e permitilo na barra, no caso de ter un local de menos de 100 metros. Eles tampouco ven con bos ollos o cambio da lexislación. “Creo que debería seguir así, que haxa zonas distintas”, comenta Manuel Rúa, propietario da Parrillada Rúa de Melide.

“Víase vir”

Na comarca hai varios exemplos de negocios hostaleiros que no seu día preferiron non facer reformas para habilitar zonas separadas porque “víase

vir que ían volver cambiar a lei en pouco tempo”.

Luis Castro, copropietario do Hotel Carlos 96, amósase moi crítico co incumplimento da actual normativa. “Me da igual si lo prohíben o no, lo que tienen que mirar es que se cumpla lo que aprueban”, indica. “Al final, el hostelero tiene que enfrentarse al cliente, que es quien le da de comer”, asegura en alusión a que a “pasividad” das inspeccións impide o cumprimento da lexislación. “En nuestro comedor está prohibido fumar y durante la semana y el domingo no se fuma, pero a ver

quién le prohíbe encender un pitillo a 50 personas que vienen los sábados por la noche”.

Castro califica de “absurda” a posible reforma da normativa para bares, pubs ou discotecas. Algo no que coincide coa opinión maioritaria dos propietarios deste tipo de locais en Melide. Os propietarios de locais de ocio nocturno manteñen que o cambio lexislativo traerá “consecuencias catastróficas” para o sector.

De forma distinta ven o futuro no Restaurante Xaneiro de Toques. “Non nos afectou a actual lei, non tivemos perdas nin baixaron os clientes”, ase-

gura o seu propietario, Diego Castro. De tódolos xeitos, cre que o previsible cambio notarase na venda de cafés e copas durante as sobremesas. “A xente bota unha ou dúas horas na mesa despois de comer porque poden fumar e toman varios cafés ou chupitos”, comenta.

Reclaman compensacións

Aínda que na zona non hai casos de establecementos que fixeran grandes inversións para adaptar os seus locais á normativa de 2006, os propietarios de bares e restaurantes recoñecen que “é unha medida inxusta” para os que si fixeron obras e aínda non recuperaron a inversión. Diego Castro di que Sanidad fixolle “unha xogada bastante sucia” ó sector, sobre todo ós grandes establecementos que se viron obrigados a facer reformas para cumprir coa nova normativa.

A terraza non consola

As terrazas ó aire libre serían o único reducto nos que se podería botar un cigarro. Aínda así, ós hostaleiros da comarca non lles serve de consolo. A maior parte teñen terrazas pequenas, con entre dúas a catro mesas, ou non teñen. Ademais, aseguran que esta oportunidade pouco se poderá aproveitar na comunidade galega, debido ó clima. “A terraza só funciona dous ou tres meses, durante o verán”, recorda o dono de Xoldra.

Anuncios por palabras

Ofrécese operario para traballos en xeral e labores de atención ó público.
649265410 - 678364761

Ofrécese administrativa ou auxiliar administrativa.
981506188 (De 8.00 a 13.00 horas)

Ofrécese licenciada en Económicas. Acepta outro tipo de traballos e de categoría inferior.
617767938

Ofrécese técnico superior en Administración de Empresas para traballos administrativos
981508185 - 620076361

Ofrécese condutor para calquera tipo de vehículos. Posúe carnet de tódolos tipos.
617754440

Ofrécese licenciada en Bioloxía. Acepta traballos de categoría inferior.
620783682

**Buscas traballo? Ofrécelo?
Queres vender o coche ou o piso?**

En Cerne podes anunciarte ¡gratis!

**Envíanos os teus datos a:
info@asetem.com
R/Lino Sexto Sánchez, 2
15800 Melide**

**ou chama ó
981506188**

Os propietarios da Casa das Luces recordan os seus 38 anos de traballo

A familia traspasa o negocio pero seguirá rexentándoo se non atopa ofertas

Toda unha vida de traballo. Marisa Casal e José Vázquez, os propietarios da Casa das Luces, queren poñer punto e final ó seu tempo detrás do mostrador desta coñecida tenda de Melide. Coa xubilación de José, Marisa tamén quere deixar o negocio “para ter máis tempo libre e vivir”. Por iso se decidiron a traspasar a tenda. Os propietarios agardan que coa chegada do ano novo “se animen os interesados que están en dúbidas”.

Recoñece que o comercio, en xeral, está a atravesar bastantes dificultades. “Levamos dous anos un pouco máis floxiños”. Pero asegura que a súa tenda “sempre funcionou”. “Non temos outras rendas, vivimos desto e vivimos normal, como calquera outra persoa” e reitera que “as vendas van bastante ben para a crise que se oe por aí”.

“Casa das Luces non pecha”
O matrimonio decantouse pola opción do traspaso. “É unha pena que non sigan coa tenda porque en Melide de roupa de nenos hai moi pouco”. Aseguran que teñen posibles ofertas, pero “nada apalabrado”.

Marisa recalca que “a Casa das Luces non pecha”, porque de non atopar xente interesada, seguiría ela mesma á fronte. “Aínda me quedan



A propietaria da Casa das Luces, Marisa Casal, no mostrador da tenda acompañada pola súa neta, Aldara.

cinco anos para xubilarme” e moitas forzas. Ademais, nos últimos días comezaron a recibir as prendas de verán, para comezar coa nova campaña.

Calidade e boas marcas

Roupa infantil de clase media-alta especializada en comunión e harras, artigos de puericultura e xoguetes, todo de primeiras marcas. É o que o cliente atopa nesta tenda. “A xente ven cando quere vestir ós nenos máis arreglados ou para unha cerimonia”. Un es-

tablecemento que se fixo un nome en toda a comarca e en vilas próximas. “Temos clientes de Arzúa, de Monterroso ou de Palas de Rei”, indica a propietaria. Trátase dunha clientela fiel, xa que moitos “compraron aquí a roupa para os seus fillos e agora veñen comprar para os netos”. Unha “satisfacción” que recoñece todos estes anos de traballo da parella.

Un negocio familiar

Marisa é a cara da segunda xe-

ración da Casa das Luces. Comezou a traballar na tenda de nova, porque era o negocio que tiveran “de sempre” os seus pais. “Era o que había na casa”. Hai uns 38 anos decidiu, xunto co seu marido, dar relevo ós seus pais. Daquela a tenda traballaba textiles e “pouco a pouco” comezaron a introducirse na confección infantil. “Era algo que nos gustaba. Pouco a pouco íamos comprando máis roupa de nenos e deixando a un lado os textiles”, comenta. Cre que fi-

xeron boa elección, porque en Melide apenas hai establecementos que se adiquen á roupa e artigos para nenos.

Na Casa das Luces tamén tiveron o seu lugar os aparatos electrónicos. Unha mestura curiosa, que se produciu debido a que “no pobo non había moito deso. Non era o máis apropiado para ter aquí, pero como se vendía ben tivémolos durante unha temporada”.

Marisa vese “contenta” co paso do tempo e recorda que “fomos loitando ata hoxe”.

Pequeno susto na sede de Asetem o día de Noiteboa

O día de Noiteboa trouxo consigo un pequeno susto na sede da Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem). Un coche estrelouse contra o local da asociación tras ser desprazado ó chocar con outro vehículo, causando un boquete dun metro cadrado na parede do local que fai esquina entre a rúa Lino Sexto Sánchez e Froito Novo.

O accidente ocorreu pasadas as 12 do mediodía, cando xa

non quedaba ningunha das traballadoras de Asetem no interior debido a que ese día gozaban dunha xornada máis reducida dada a festividade de Nadal. Esta circunstancia fixo posible que os danos que se rexistraron foran unicamente de carácter material.

Os condutores dos vehículos, dous mozos da vila, saíron ilesos do sinistro, que se saldou con numerosos desperfectos nos coches.

TEJADOS DE PIZARRA, COBRE Y CINC

- CANALONES DE ALUMINIO FABRICADOS EN OBRA.
- REMATES DE ALUMINIO, CINC, COBRE, ETC.
- FALSOS TECHOS DE ALUMINIO • CLARABOYAS.
- PARA TODO TIPO DE TEJADOS.
- BALDOSAS DE PIZARRAS PARA SUELOS DE VARIOS COLORES.
- VENTANAS VELUX Y OTRAS.
- ESTRUCTURAS DE MADERA PARA TEJADOS.



¡AL SERVICIO DE LA COMARCA DE MELIDE Y OTRAS!

Delegación: Avda. de Lalin, 7 • 15800 MELIDE (A Coruña) - Tfno.: 608 989 665
Central: Polig. Indust. A Raña - C/. 7, parcela 134 • 32300 O BARCO (Ourense)
Tfnos.: 988 335 294 • Movil: 608 989 665 • Fax: 988 334 944

Os tres partidos reclaman á Xunta un Grumir para a vila

Melide apela á súa condición de cabeceira de comarca para pedir este servizo

Os tres partidos políticos que contan con representación no consistorio de Melide -BNG, PSdeG e PPdeG- acordaron por unanimidade trasladar á Xunta unha solicitude para que a vila conte cun Grupo Municipal de Intervención Rápida (Grumir). Os políticos melidenses deron este paso trala Xunta de Voceiros celebrada o pasado día 22.

Xa con anterioridade a este trámite, o concelleiro de Seguridade Cidadá e primeiro tenente de alcaldesa, Manuel Prado, remitiu a comezos do mes de decembro un escrito á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior -da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza- exponendo os motivos de interese da vila para que se lle conceda este servizo. Os argumentos que esgrimiron dende o consistorio melidense é que se trata dunha vila “con poboación importante, cabeceira de comarca do interior de Galicia e clave no territorio a nivel de comunicacións”.

Na actualidade, o concello conta cunha agrupación de voluntarios de Protección Civil, que desenvolven a súa labor



Intervención dos voluntarios de Protección Civil de Melide nun accidente ocorrido no concello.

de xeito altruísta. Non obstante, dende o goberno local aseguraron que o equipo se atopa “sen persoal dabondo” para atender todas as actuacións que lle son demandadas dende os distintos puntos do concello e dende vilas veciñas.

Ademais, indicaron que a súa capacidade de actuación está “moi reducida” debido “ós anos e á mobilidade dos seus integrantes”. Por estes motivos, o grupo de Protección Civil queda “moi escaso” para as necesidades que presenta o concello melidense.

“Non pode esperar máis”
A alcaldesa da vila, Socorro Cea, recalcou a necesidade de acadar “o consenso total” dos

grupos nesta cuestión, xa que “están en xogo as garantías de seguridade da veciñanza”. Neste senso, Cea asegurou que o Grumir “non pode esperar máis”.

Melide reclama ó goberno autonómico este servizo despois de que a propia Xunta e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) acordaran trasladar a localidades cercanas os Grumir que estiveran instalados en vilas que xa contaran cun parque de bombeiros. Deste xeito, Melide tería a oportunidade de contar co grupo ó suprimirse o de Arzúa, que ten parque de bombeiros. Así, manteríase a cobertura ante posibles emerxencias na zona.

Outro punto a favor é que a comarca de Terra de Melide tampouco dispón de parque de bombeiros.

“Nunca chegou”

Dende o Concello informaron de que durante o goberno bipartito da Xunta, a Consellería de Presidencia e a Fegamp acordaron a dotación dun Grumir para a vila, formado por seis membros. Non obstante, a chegada do equipo de intervención rápida “nunca chegou a facerse efectiva”, denunciaron dende o goberno melidense.

Desta volta, os responsables políticos agardan que a vila “non quede esquecida” no novo reparto dos Grumir.

Detectan un verquido de lodos de depuradora no Meire

A Asociación Paisaxe Rural Galego denunciou a existencia dun verquido de lodos de depuradora na parroquia de O Meire. Os lodos atopáronse na cuneta do vial de acceso a este núcleo, ubicado na Serra do Careón, lugar protexido ó estar delcarado como Lugar de Interese Comunitario (LIC).

Dende o Concello de Melide -ante as acusacións de “deixadez de funcións” por parte desta organización- aseguraron ter requerido a intervención do Servizo de Protección da Natureza da Guardia Civil (Seprona) despois de “continuos” avisos ó encargado da empresa responsable do verquido. Segundo as informacións que trasladaron tanto o Concello coma a Asociación Paisaxe Rural Galego, xa se produciron outros verquidos, que dende o consistorio melidense sitúan con anterioridade ó 21 de decembro do 2009. Afirman que están en “continuo” contacto coa brigada medioambiental.

Paisaxe Rural Galego realizou unha toma de mostras dos lodos, que procedeu a enviar a un laboratorio especializado para analizar a posible concentración de materiais perigosos. Neste sentido, valora a posibilidade de iniciar accións legais contra a empresa responsable do verquido por delito de saúde pública e ambiental, así como ó Concello por “deixadez de funcións”

O PP melidense reclama que o escudo volva ser o símbolo oficial do concello

O PP de Melide presentará no próximo pleno unha moción na que reclamará ó goberno local a que repoña o escudo da localidade en tódolos documentos oficiais que expide o consistorio.

Actualmente, nos escritos oficiais e demais tipo de cartelería, o símbolo que utiliza o Concello é un moderno logotipo, que segundo a voceira dos populares melidenses, Ánxeles Vázquez, “non é repre-

sentativo do municipio”.

Deste xeito, Vázquez acusa á alcaldesa da vila, Socorro Cea, de “menosprezar máis de 130 anos da historia de Melide” ó retirar o escudo como símbolo oficial e de “malgasto irresponsable” por ter pagado “miles de euros” polo deseño do novo emblema do concello.

Se a moción non prospera, o PP melidense iniciará unha recollida de firmas entre os veciños do concello.



A subida do Furelos causa numerosos desperfectos na área recreativa da vila

‘Río Furelos’ agarda o presuposto da reparación



Socavón provocado pola enchenta do regato das Quellas na área recreativa de Melide

A Asociación de Troiteiros Río Furelos de Melide espera a presupostos para a reparación dos danos causados pola enchenta do río na área recreativa de Melide. Xavier Pazo, presidente da asociación, di que pasarán dos 4.000 euros.

O aumento do nivel do cauce fluvial, por mor das chuvias caídas ó longo da ponte festiva de decembro provocaron un socavón de catro metros de

longo por tres de ancho na falsa ponte de formigón que cubre o regato das Quellas, que desemboca no Furelos, xusto na zona de baño.

Ademais, quedaron danados varios bancos de pedra que estaban instalados nos arredores. Tamén se produciron numerosos desperfectos no bar que hai na área e en muros e vallas instaladas preto das marxes do río.

Dende a asociación de troiteiros solicitaron ó Concello que acondicione este espazo, que está protexido pola Rede Natura. Pazo, asegura que a zona quedou “totalmente degradada e ofrece unha nefasta imaxe”. Tamén informaron ó Concello de Toques desta situación, xa que o espazo está dentro dos límites do municipio. Agardan que colabore na reparación dos desperfectos.

Cea sitúa a apertura da Casa da Cultura no 2011, antes do remate da lexislatura

O bipartito local afirma que leva cumprido o seu programa “nun 90”

Tras dous anos e medio de mandato, a alcaldesa de Melide, Socorro Cea e o tenente de alcaldesa, Manuel Prado, fixeron balance das actuacións que desenvolveron á fronte do goberno local.

Cea fixo fincapé no desbloqueo das obras da Casa da Cultura, para a que anunciou a súa apertura para 2011, antes

do final desta lexislatura. “É un dos principais obxectivos de todo o mandato”, asegurou. Ó longo deste ano seguirán executándose obras nesta instalación por valor de 1,3 millóns de euros.

Por outra banda, a rexedora destacou a mellora de 35 rúas da vila. Asegurou que “estanse batendo récords de adjudicación de obra pública” no que vai de lexislatura.

Ademais, mencionou a apertura de novas instalacións como o Centro de día, o Telecentro ou o local de ensaio.

No ámbito comercial, Cea destacou a regulación do mercado dos domingos, que lo-

grou unha disposición “ordenada” dos postos.

Manuel Prado destacou “o forte investimento en proxectos de saneamento, que supera os 1,3 millóns”. Deste xeito, “tódolos residuos dos veciños irán á depuradora de augas residuais”, indicou.

O tamén concelleiro de Medio Ambiente e Seguridade Cidadá dixo que o bipartito local leva cumprido o programa “nun 90%”.

Prado salientou as melloras na seguridade vial, coa colocación de semáforos que regulan o tráfico diario na rotonda de entrada á vila e no cruce da Avenida de Toques.

Aumento constante das doazóns de sangue entre os melidenses



Varias persoas doan sangue no autobús instalado en Melide

Coincidindo co cantar dos nenos de San Ildefonso, varias dúcias de melidenses e de veciños da comarca achegáronse ata o autobús que o Centro de Transfusión de Galicia (CTG) desprazou ata a céntrica rúa do Cantón de San Roque.

En total foron 64 persoas as que doaron sangue na unidade móbil. Unha cifra que foi calificada de “moi boa” polos responsables do CTG. Ademais, do total de doantes, houbo dúas persoas que o facían por primeira vez.

Á espera dos datos definitivos para o ano que rematou, no 2008 houbo 561 doantes en Melide, segundo informou o

CTG. Na comarca foron 657 as persoas que realizaron esta acción altruísta ó longo do 2008. Deste xeito, incrementouse nun 16% o número de doantes entre o 2007 e o ano seguinte.

Ademais, acádase unha taxa de 47 doazóns por cada mil habitantes e ano, un dato superior ás entre 40 e 60 que recomenda a Organización Mundial da Saúde (OMS). Non obstante, é Melide o único concello da bisbarra que acada este baremo, con 72 doazóns por cada mil habitantes e ano. Santiso acadou as 11 doazóns, Sobrado 17 e Toques 19 doazóns por cada mil habitantes e ano no 2008.

A Xunta varía a ampliación do Centro Médico co traslado das urxencias

A Xunta reformará o proxecto de ampliación do Centro Médico de Melide elaborado polo bipartito. Un dos principais cambios será a ubicación do departamento de Urxencias, para situalo na parte frontal do edificio, pegado á rúa.

Así llo confirmou á rexedora municipal, Socorro Cea, o xerente de Atención Primaria, José Javier Ventosa, nun encontro que mantiveron días atrás. Segundo o responsable de Atención Primaria, variarase o proxecto porque “tal e

como está deseñado non era funcional”.

Dende o consistorio melidense trasladáronlle a necesidade de axilizar as obras debido á “pouca capacidade” que ten o centro nestes momentos para Atención Primaria e Urxencias. Tanto é así, que dúas consultas son atendidas na propia entrada do edificio, o que orixina “moita incomodidade” ós pacientes que teñen que agardar a ser atendidos xusto a carón da porta da entrada principal.

Ducias de xoguetes tiveron un segundo uso neste Nadal



Un pequeno recolle o seu agasallo de mans do Rei Baltasar

Tódolos rapaces recibiron un puzle con fotos do Camiño

Sobre 30 familias do concello de Melide recolleron os 200 xoguetes usados que recolectou o Concello. Para que ningún pequeno quedara sen o seu agasallo, a Concellería de Benestar Social e Igualdade organizou a campaña de recollida 'Ningún neno sen xoguetes', que leva facéndose dende hai varios anos. Deste xeito, quérese axudar ás familias con menos recursos do municipio

para que os seus pequenos poidan gozar cos xoguetes nas festas de Nadal.

A resposta dos melidenses fíxose notar, xa que doaron arredor de 200 agasallos, entre os que había peluches, bonecas e balóns. Ademais, unha empresa do concello donou varios paquetes de material deportivo.

A recollida dos agasallos levouse a cabo dende o Centro Social da vila, no que os interesados deixaron os seus xoguetes usados ata o día 30 de decembro. Despois comezou unha intensa labor de limpeza, clasificación e empaquetado, que realizaron as responsables do centro.

Segundo afirmou a concelleira de Benestar Social e Igualdade, Casé Rodríguez, esta iniciativa tamén pretende "implicar aos propios nenos para que cedan os seus xoguetes", e desta forma "afondar na solidariedade e nos valores dos xogos compartidos".

Os paquetes foron repartidos polos propios Reis Magos o día 5, trala cabalgata que discorreu polas rúas melidenses. O frío intenso non mermou a ilusión de tódolos pequenos da vila, que tras achegarse ós tronos dos Reis recibiron un puzle formado por varias imaxes do concello facendo referencia ó Camiño de Santiago e ó Xacobeo 2010.

A Diputación aproba o plan de mellora do vial Golán-Orois

A Diputación de A Coruña aprobou o proxecto de mellora do viario que une os núcleos de Golán e Orois. O plan de recuperación da vía foille presentado ó vicepresidente do órgano provincial, Pablo Villamar, pola alcaldesa da localidade, Socorro Cea.

A rexedora reclamou axilidade na aprobación desta actuación, que contempla a

mellora do firme nun traxecto de case tres quilómetros.

A comezos do mes de decembro a Diputación comunicou a aprobación da obra. Agora o Concello será o encargado de levar a cabo os trámites de contratación, que segundo informaron, está previsto que se execute a comezos deste ano. O orzamento da obra é de case 56.400 euros.

A Xunta subvenciona con 1.900 euros a recollida de residuos

O Concello de Melide contará cunha axuda de 1.890 euros para destinar á recollida de residuos voluminosos, segundo indicou o concelleiro de Medio Ambiente, Manuel Prado.

A Xunta concedeulle esta subvención ó concello melidense tras firmar un convenio coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) pola que destina unha axuda de case 860.000 euros para xestionar este tipo de residuos non sólidos urbanos.

A cuantía que recibiu o concello melidense corresponde ós últimos catro meses de 2009. Os fondos repartíronse mediante unha fórmula con 200 euros de cota fixa para cada concello e o resto do importe distribuído en función da poboación, que pesa o 40%, a superficie, o 30% e os asentamentos de poboación, o res-

tante 30%.

Deste xeito resólvese o problema derivado da aplicación da normativa ambiental na Sociedade Galega de Medio Ambiente (Sogama), pola que a planta de Cerceda deixara de recoller os residuos voluminosos de 127 concellos da comunidade dende o pasado 1 de setembro.

"Cantidade ridícula"

Para Prado a axuda supón unha "cantidade ridícula" porque o custo de xestionar estes residuos ascende a 132 euros por tonelada, mentres que cando Sogama se encargaba da recollida, o custo era de 52 euros. Nos próximos días, o Concello fará un recuento de tódolos materiais que hai depositados no Punto Limpo da vila para coñecer o presuposto necesario para xestionalos.

Previstas melloras en varias pistas do rural

Varias parroquias do rural melidense beneficiaranse do convenio que asinaron a Consellería do Medio Rural e o Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural y Marino (MARM). O acordo permitirá unha inversión de 200.000 euros no rural melidense, nos núcleos de Maceda, Folladela ou O Meire, entre outras parroquias, segundo informou a voceira do PP de Melide, Án-

xelos Vázquez.

As obras, que se acometerán no transcurso deste ano 2010, serán fundamentalmente de acondicionamento e melloras nos accesos das parroquias. Poñerase especial atención naquelas vías que se atopen en peor estado e que, polo tanto, dificulten o paso dos vehículos dos propios veciños así como de distintos servizos como as liñas de transporte escolar.

	ESPAÑA	ALEMANIA	FRANCIA	
LUXEMBURGO	 SIERRA TRANSPORTE DE VEHÍCULOS NACIONAL E INTERNACIONAL			HOLANDA
	Manuel Vázquez García Tfno./Fax: 981 50 79 10 manuel@transierra.es Móviles: 610 52 34 50 / 51 Parque Emp. La Madanela, nave 79 www.transierra.es 15800 MELIDE (A Coruña)			
	ITALIA	PORTUGAL	AUSTRIA	BELGICA

A Diputación pide á Xunta a “urxente expropiación” para reparar o vial a Visantoña

O orzamento da obra supera os 1,8 millóns de euros



Cruce da CP-4603 que une Melide e Visantoña, en Santa María de Melide

O pleno da Diputación de A Coruña reiterou á Xunta a “urxente” expropiación dos terreos afectados polo proxecto de mellora da estrada que une os núcleos de Ribadulla e Visantoña, no concello de Santiso, coa vila de Melide.

Segundo informou o concelleiro de Seguridade Viaria de Melide, Manuel Prado, o pleno do órgano provincial ratificou a mediados do mes de decembro a solicitude de declaración de “urxente expropiación” ó goberno autonómico. Trátase dun trámite preciso para axilizar o comezo das obras, xa que de realizarse a expropiación

pola vía ordinaria, os traballos retrasaríanse de novo. Non obstante, a data de inicio das obras, que contan con un orzamento superior a 1,8 millóns de euros, depende da Xunta.

Dende que o pasado mes de febreiro o Boletín Oficial da provincia publicara a relación de propietarios e de parcelas afectadas polo proxecto de mellora, os retrasos veñen sendo reiterados, nun primeiro momento motivados pola resolución “individual” das alegacións presentadas.

Para Prado a reparación da estrada CP-4603 é de “máxima prioridade” para o go-

berno melidense e faise “cada vez máis urxente”.

Vella demanda dos veciños

O arreglo desta estrada é unha vella reivindicación dos veciños, que dende hai uns dous anos loitan porque comecen as obras. No último período, a actuación estivo bloqueada debido á tardanza na resolución das alegacións.

Os veciños de Santiso decidiron dar un marxe de tempo á Diputación, no canto de comezar accións de protesta. Agora, agardan que a Xunta faga as expropiacións con carácter de urxencia.

Toques favorece o termalismo entre os seus maiores

O Concello de Toques anima ós seus maiores a participar no programa de termalismo social que organiza o Imserso.

A actividade é para os pensionistas da Seguridade Social en réxime de xubilación, invalidez ou viuvez, ou para os que teñan outro tipo de pensións no caso de que sexan maiores de 60 anos.

As actividades desenvólvense en quendas de 12 días en varios balnearios da comunidade galega. Ademais, haberá dúas quendas por ano. Os interesados en gozar do programa dende o próximo mes de febreiro ata agosto deberán inscribirse antes do 15 de xaneiro. O outro período será de setembro a decembro, para o que se poderá anotar ata o 17

de maio. Tódalas persoas interesadas poderán obter máis información nos Servizos Sociais do concello ou a través do teléfono 981506408.

Actividades para maiores

Esta actividade enmárcase dentro da programación que pon en marcha o Concello de Toques para os maiores da vila. Deste xeito, tamén organizan obradoiros de envellecemento activo e teñen un programa de ximnasia para adultos durante todo o ano.

As clases celébranse os luns e os mércores ás 10.00 horas no local social de Villamor, os mesmos días ás 11.00 horas no local de San Martiño, e os martes e os xoves ás 12.00 na parroquia de Brañas.

Cerne

Cinco anos
facendo información
dende e para a
Terra de Melide

*Deséxalle un
proveitoso 2010!*



A neve chega cedo á Terra de Melide



Vista da vila melidense trala nevada caída a primeira hora da mañá



Momento no que as folerpas caían con intensidade en Melide



O estado das vías secundarias no rural da comarca esixía conducir con precaución



A cantidade de neve que caeu deu para facer bonecos

Pisando forte e con varios días de antelación. Así chegou o inverno á comarca. Os rigores do frío deixáronse sentir na Terra de Melide dende comezos de decembro e tiveron o seu punto álxido coa nevada que caeu o día 16. As rúas melidenses, ó igual que tódolas aldeas da bisbarra, amenceron cubertas cun manto branco de neve.

A circulación polas diversas estradas que atravesan a zona foi complicada debido á gran cantidade de neve acumulada e ás placas de xeo que perduraban nas estradas dende días atrás debido ás fortes xeadas rexistradas. Durante as pri-

meiras horas do día era necesario o uso de cadeas, aínda que despois, o paso das máquinas quitaneves polas principais vías mellorou a situación do tráfico rodado. Por sorte, pese ó mal estado das estradas non houbo que lamentar ningún accidente de gravidade.

Os que mellor o pasaron coa neve, coma sempre, foron os pequenos da casa, que dispuxeron do día libre ó quedar suspendidas as clases en toda a comunidade galega “por precaución”, decisión que tomou a Xunta e que non deixou indiferente a case ningún.

Carpintería



A. LAYA

Rúa Palas de Rei, 8-15800 Melide
Tfnos: 981 505 283 - 670 662 947

ESPECIAL XACOBEO 2010

Preparados para a avalancha de peregrinos coa chegada do Xacobeo

Melide e Toques terán persoal especializado nas Oficinas de Turismo

Protección Civil informará ós peregrinos sobre incidencias nos Camiños

Xa rematou a conta atrás. O Xacobeo 2010 xa botou a andar, e con el os milleiros de peregrinos que se espera que cheguen a Galicia ó longo deste ano. Segundo as estatísticas e atendendo á tradición, a ruta máis percorrida será o Camiño Francés, que en Melide, recibe tamén ós camiñantes chegados do Camiño Primitivo, que atravesa terras do concello veciño de Toques.

Neste cruce de camiños, que se materializa na céntrica praza do Convento melidense, tamén se atopa a Oficina de



O Camiño Francés é a ruta máis transitada polos peregrinos

Turismo Municipal, ubicada no interior do Museo Terra de Melide. O responsable do museo, Xosé Manuel Broz Rey -que tamén atende ós peregrinos- agarda que este ano reciban uns 3.000 visitantes máis. No 2009 superaron os 12.600.

Con todo, di que a actual

ubicación do albergue, no Pazo de Congressos, non favorece o aumento das consultas, xa que os peregrinos dirixente ata alí sen pasar polo casco vello da vila.

Pese a que nestas datas desce o número de camiñantes, din que se notou “o tirón”

da apertura da Porta Santa, xa que nos días previos a finais de ano pasaron varios peregrinos que ían co obxectivo de chegar a Santiago a primeiros de ano.

Co comezo da temporada alta, a partir do mes de abril, a oficina turística ampliará o seu horario e abrirá ata as 21.00

horas. “Por esa época comezará a funcionar a maquinaria do Camiño”, comenta Broz.

Operativo de Protección Civil

Os servizos de Protección Civil tamén se verán reforzados no marco do Plan de Atención ó Peregrino 2010. As agrupacións de voluntarios das vilas polas que pasan as distintas rutas proporcionarán información continua e ‘in situ’ ó peregrino sobre situacións de risco ou emerxencia, como incidencias viarias ou incendios e nevadas.

Aumento de peregrinos

A Oficina do Peregrino entregou durante 2009 un total de 145.877 Compostelas -documento acreditativo de ter feito o Camiño-. Son un 16,6% máis das 125.141 entregadas no 2008. A maioría -120.605- realizaron o Camiño a pé, 24.892 en bicicleta, 341 a caballo y 39 en cadeira de rodas.

Por rutas, a máis escollida foi o Camiño Francés, que foi transitado por 113.000 camiñantes. O Camiño do Norte foi a terceira vía máis seguida, con 9.183 persoas, incluso por diante da Vía da Prata.

Búscase: voluntario

A Xunta procura persoas que informen ós peregrinos

Ante o previsible aumento dos peregrinos, a Xunta prepara un operativo para os meses de maior afluencia que se basea no traballo das persoas que queiran colaborar como voluntarios.

Os lugares de maior afluencia e os albergues serán as zonas de traballo dos voluntarios, que estarán presentes en nove das rutas que finalizan en Compostela, tal e como informou a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Consellería de Cultura e Turismo.

Deste xeito, na Terra de Melide haberá voluntarios en Melide, ó tratarse tamén dun punto clave pola confluencia

do Camiño Francés coa ruta do Norte. Os voluntarios darán información sobre actividades, visitas ou servizos que haxa na zona, ademais de acompañar ós grandes grupos de peregrinación.

Tamén se poñerá en marcha o chamado voluntariado da sabedoría, formado por persoas maiores de 65 anos que contarán ós visitantes as súas vivencias ligadas ó Camiño.

Este plan entrará en funcionamento a partir de Semana Santa, e desenvolverase durante as fins de semana e tódolos días na época de verán.

Aquelas persoas interesadas en participar neste programa poderán inscribirse a partir do

15 de xaneiro a través da páxina www.voluntariadogalego.org ou no teléfono 900400800. Os requisitos son ser maior de 18 anos e superar un curso online de 30 días polo que obterán un certificado non formal de Educación da Unión Europea.

Voluntariado lingüístico

Por outra banda, 30 mozos procedentes de 19 países europeos participarán como voluntarios ofrecendo información ós peregrinos nas súas propias linguas. Estarán ubicados nos albergues do Camiño Francés dende maio ata outubro. Chegarán en abril para recibir formación especializada.

Melide cobrará tres euros por pernoctar no albergue municipal

O Concello de Melide cobrará a cada persoa que pase a noite no albergue municipal unha cantidade de tres euros. Esta medida entrou en vigor a comezos de ano tras ser aprobada a correspondente ordenanza polo goberno local co apoio do PP, na oposición.

Esta tarifa estipulouse con vistas a que sirva para sufragar os gastos en concepto de mantemento que sorportan as arcas municipais cando, en época de máxima afluencia de peregrinos, o Concello pon a disposición da Xunta instalacións propias -como os pabellóns dos colexios- para dar acollida ós camiñantes.

Tendo en conta a celebración do Xacobeo e que, a falta de coñecer os datos correspondentes ó mes de decembro, en todo o 2009 descansaron en Melide unhas 24.500 persoas, as perspectivas de rendibilidade desta medida preséntanse positivas.

Ampliación do albergue

Actualmente, os peregrinos que durmen en Melide en instalacións públicas fano no Pazo de Congressos ó estar en reformas o albergue. Alí dispoñen -dende o verán pasado- dunhas 37 plazas, que quedarán ampliadas a 130 cando remate o seu acondicionamento.

Google non amosa o auténtico Camiño

O buscador amosa a ruta máis transitada, pero dende as estradas

Os monumentos representativos de Melide quedan ocultos para os peregrinos

Google, o xigante da comunicación en Internet, percorreu hai meses o Camiño de Santiago para facer unha versión especial da súa ferramenta 'street view' aplicada á ruta francesa cara a Compostela. A aplicación foi presentada por un equipo da firma internacional acompañado polo presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, e o conselleiro de Cultura, Roberto Varela.

Pero o que se vendeu como



Imaxes das proximidades da aldea de O Leboreiro, vista dende a N-537, e da praza do Convento, no casco histórico de Melide

unha novidade que permitiría que xente de todo o mundo poidese percorrer o Camiño virtualmente dende os seus fogares resultou ter máis de trampa que de verdade.

A viaxe do buscador transco-

rre paralela ó propio Camiño dende as estradas e autovías que avanza preto da vía, dende Roncesvalles ata Fisterra. Deste xeito, os internautas quedarán sen ver os verdadeiros encantos da senda, que

ofrece os seus recunchos máis auténticos e especiais alonxados do ruído dos coches.

Google asegurou que as unidades móbiles que percorrían a ruta pasaran "una verdadeira peregrinación para

recorrer Galicia", aínda que dende Cultura advertiran que só cubría "o 80% do Camiño".

Os espazos máis característicos de Melide, como a ponte de Furelos, quedarán ocultos para os peregrinos virtuais.



**CAL É O TEU
RECUNCHO FAVORITO
DO CAMIÑO DE
SANTIAGO
NA COMARCA?**

**Envíanos unha foto
e un comentario a**

info@asetem.com

Publicarémola no Cerne!

Éxito de Charamela coa obra 'Se o sei... non volvo á casa'



A Asociación Cultural A Charamela colleitou un novo éxito coa representación da obra teatral 'Se o sei... non volvo á casa' de Varela Buxán. A estrea, que se celebrou o pasado 12 de decembro no pabellón do IES de Melide, reuniu a unhas 500 persoas.

Actividade frenética durante o Nadal



Festival en Toques. Comezaron os festexos de Nadal o día 21, cun serán no que actuaron os membros da escola municipal de patinaxe e un grupo de paiaos malabaristas.



Maxia nos colexios. Os escolares melidenses poideron gozar con sesións de maxia antes de comezar as vacacións.



Papá Noel en Arcediago (Santiso). Os alumnos do Ceip de Arcediago recibiron o día 22 a visita sorpresa de Papá Noel, a quen lle entregaron a carta para os Reis.



Hip-hop en Melide. Os mozos da vila maiores de 14 anos tiveron a oportunidade de asistir a un taller de hip-hop no Multiusos e a un curso de edición de audio no Telecentro.



Concerto de Nadal do Conservatorio. Éxito de público no concerto que ofreceron os alumnos do Conservatorio.

Os Reis Magos chegaron cargados de agasallos para os cativos da comarca



Os Reis chegaron a Melide nunha única carroza e, despois de percorrer o centro da vila, achegáronse ata a Praza do Convento, onde recibiron a cada neno e lle entregaron un puzle composto por varias fotografías de Melide relacionadas co Camiño de Santiago.



Momento do desfile polas rúas do centro melidense

Os que saben quen son os Reis...



Mentres os máis pequenos se achegaban temerosos ata os tres Reis Magos, os que din saber “quen son os Reis” non se resistían a emulalos. Mesmo subiron á carroza das maxestades para ser fotografados. Aínda que a ilusión non é a mesma, tamén quixeron ver a cabalgata e recibir os merecidos agasallos.



En Toques os Magos de Oriente resgardáronse da xélida noite no pabellón deportivo para escoitar as peticións dos máis pequenos da casa. Ó igual que dende hai 14 anos, a cabalgata foi organizada pola Asociación Cultural ‘A Toca’ que contou coa colaboración co Concello.

O día despois...



Caixas de xoguetes, papel de regalo ou envoltorios de alimentos ategan os contenedores do lixo o día despois da chegada dos Magos de Oriente. Calcúlase que durante o Nadal se xera un 40% máis de basura na comunidade galega.



Xiganet

**Servicios informáticos
e Internet**

Teléfono: 615 92 96 47


‘Terra de Melide’ lembra ó Sáhara polo Nadal



Postal que repartiu a Asociación Cultural ‘Terra de Melide’ na vila



Un grupo de nenos saharauis prepáranse para botar unha carreira de sacos acompañados por membros dunha ONG.



Vista xeral dos campamentos de Tinduf, en Alxeria

A Asociación Cultural ‘Terra de Melide’ lembrou os rapaces saharauis que visitan a comunidade tódolos anos nestas datas de Nadal. Fíxoo mediante unha postal, que repartiu entre tódolos asistentes á cabalgata de Reis na vila de Melide. Na postal hai imaxes de Dajla, no campamento saharau de Tinduf, en Alxeria, e unha foto dos catro nenos - Fatma, Salka, Mariam e Nurdin- que durante os últimos dous veráns gozaron dunha estancia en Melide grazas ó programa ‘Vacacións en paz’.

Precisamente, a comezos do pasado mes de decembro, o responsable da asociación, Xosé Domingos Fuciños, desprazouse ata os campamentos de Tinduf para coñecer

máis de preto as condicións de vida neste asentamento, que se sitúa en territorio alxeriano, preto da fronteira co Sáhara.

O campamento está composto por catro ‘wilayas’ ou provincias: El Aaiún, Smara, Auser y Dajla, que se corresponden cos nomes das principais cidades do Sáhara antes da ocupación Marroquí. Alí, a poboación viven en tendas de lona, as ‘jaimas’, que teñen ó seu carón unha construción de adobe na que se ubican o dormitorio, o baño e a cociña.

A visita de Fuciños ó poboado saharaiu coincidiu co conflito de Aminatu Haidar, a activista saharaiu que se mantivo en folga de fame no aeroporto de Lanzarote durante máis dun mes.

Optica *Abal*

**Por la compra de una gafa graduada
llévase otra de regalo!**

- Revisamos la vista y el oído
- Medimos la tensión ocular

Tfno.: 981 506 097 • Ronda da Coruña, 20 - 15800 MELIDE (A Coruña)
Tfno.: 981 508 026 • C/. Lugo, 28 - 15810 ARZÚA (A Coruña)

**ASETEM-CCA agasalla ós seus
socios cunha memoria USB e
un anuncio gratis no Cerne**

Infórmate no 981506188

Por unha xustiza sen venda nos ollos

Xavier Pazo Blanco, presidente da Asociación de Troiterios Río Furelos de Melide

Adoita representarse a Xustiza como a figura dunha muller impasible cos ollos vendados, sostendo unha balanza nunha man e coa outra empuñando unha espada en posición de descanso. Os romanos tomaron esta deusa grega Themis e transformárona na súa Iustitia. Velái o significado desa simboloxía: os ollos vendados para representar a súa imparcialidade; a balanza que reflicte o equilibrio á hora de sopesar o que se xulga e a espada, en descanso, que demostra que só se debe castigar se é preciso. Esta simboloxía encerra, polo tanto, os requisitos básicos que agardamos de calquera decisión xudicial.

Porén, no devir diario estamos asistindo, con máis frecuencia da desexada, a fallos xudiciais que, como profanos, nos deixan abraiados, porque parecen atentar contra o máis elemental sentido común.

Voume referir ao desastre do río Catasol de Melide do que se acaba de producir o primeiro fallo xudicial. Para iso cómpre refrescar un pouco a memoria dos sufridos lectores.

Mediaba setembro de 2007 e a Asociación de Troiteiros “Río Furelos” de Melide daba a voz de alarma. Nun treito de dez quilómetros do río Catasol, as troitas e peixes aboibaban mortos nunha cantidade que, despois da contaxe de varios días, sobrepasou as catro mil pezas. Aviso inmediato á gardería, mobilización do SE-



PRONA, denuncia diante da Garda Civil... Non fixo falta un equipo de CSI para dar coa orixe de tal mortandade. Dende unha granxa porcina próxima ao río, os depósitos de purín eran aliviados vertendo o seu contido a través dunha manguera que rebordaba o cerrado da finca para abocar directamente no río.

Por outra parte, axudados polos gardas, fixemos unha meticulosa recollida de troitas, certificada pola propia gardería, en presenza de testemuñas e máis testemuñas. Visita de autoridades ao lugar do “crime”: Delegado da Consellería de Medio Ambiente, Al-

caldesa de Melide, Concelleiro de Medio Ambiente... Ampla cobertura mediática: prensa, radio, televisión... que recolleron as contundentes manifestacións públicas do Concelleiro de Medio Ambiente de Melide nas que anunciaba que o Concello se ía personar na causa como acusación particular. E unha vez todo en mans da xustiza agardar o seu ditame.

Pois ben, dous anos despois, falou a Xustiza. Os que asistimos ao xuízo xa sabíamos que os compromisos públicos adquiridos polo Concelleiro de Medio Ambiente de Melide de presentarse na causa como

acusación particular non se cumprían. Así foi, no xuízo o Concello de Melide brillou pola súa ausencia e co seu acto de omisión, nunca xustificado ante a opinión pública, preferiu mirar para outro lado antes de velar polos intereses de todos.

Por outra parte, o fallo do xuízo só se pode entender dende unha interpretación pintoresca da simboloxía da xustiza coa que comezaba esta reflexión. Xa di o refrán que “non hai peor cego ca o que non quere ver”. Despois de declarar testemuñas, membros da gardería que viron cos seus propios ollos o corpo do de-

licto e axudaron no reconto das troitas mortas; despois de seren presentados informes analíticos das augas, elaborados por funcionarios da Consellería, que non foron contradecidos nin impugnados polos letrados dos acusados, nos que se demostraba a letal contaminación da auga... despois de todo isto, a Xustiza declara inocentes aos acusados. Hai que ter os ollos moi vendados para negarse a ver as evidencias. Ese día a balanza da Xustiza estaría enferruxada? Non se inclinou a favor da verdade e do dereito que lles asistía aos demandantes por moito que pesasen as probas e evidencias en contra dos acusados. E ante este fallo o Concelleiro de Medio Ambiente segue calado coma un peto.

Agora ben, aínda non chegamos ao remate do camiño. Contra a resolución fica o dereito de apelación. Esta foi presentada o pasado tres de novembro pola fiscalía do caso. Oxalá con ela sexa quen de lle tirar a venda dos ollos á deusa Xustiza e co seu ditame o resto dos mortais poidamos seguir as nosas vidas acreditando un pouco máis na súa invulnerable imparcialidade, porque ante unha desfeita de tal magnitude producida con semellante aleivosía, concordarán vostedes comigo, en que a espada da xustiza non debería seguir en descanso. Así pois, agardemos confiados baixo a protección da deusa Themis.

Finou Xesús, o de Zas de Rei

Finou Xesús Lodeiro Villamor na súa casa de Zas de Rei, en Melide. Alí na súa terra galega que el tanto quixo sempre.

Xesús foi un galego de verdade, non dos que fan barullo polas rúas, para facer ver que o son e, se cadra, sen selos de corazón como o era el. Así o demostaches cando naquel xa tan lonxano día tiveches necesidade de empregar incluso os puños para defender o teu sentir galego ó ser directa e gravemente provocado por un grupo de irresponsables, fóra de Galicia.

Nestes tristes intres da túa

partida veñen á miña mente vivencias na túa compañía, de cando alí en Sabadell (Barcelona), onde tiveron a sorte de coñecerse, nos fixemos de contado moi amigos. Eu vin en ti a unha persoa seria, nobre e honrada, como o demostraches ó longo daquel curso que fixemos xuntos.

Cando estaba a punto de mandarche unha felicitación de Nadal e Ano Novo, e tamén votando contas de que non nos volveríamos ver, senón antes, para o día 12 de outubro do próximo ano, en Melide, como o viñamos facendo dende hai

anos, chégame a triste nova do teu pasamento.

Intres difíciles, que comparto coas túas tres fillas e demais familiares e que de seguro tamén os comparten os nosos bos amigos e compañeiros de Melide, xa que nunca fallabas ás celebracións de cada ano.

Adeus Xesús, ata sempre alí onde te atopes, porque eu non te vou esquecer nunca. Se é verdade aquilo de “non morre de todo unha persoa ata que se esquece”, na miña mente seguirás vivindo sempre.

ANÚNCIATE NO CERNE

¡PREZOS ANTICRISE!

Infórmate sen compromiso

981506188

info@asetem.com

Más cerca de Dios en ti. La palabra de Cristo dada a la Humanidad en la actualidad

Daniel Roibás

¿Somos realmente conscientes de que somos sólo huéspedes en la Tierra? Hemos reconocido la finalidad de la vida eterna o constituímos nuestra vida sobre lo que es tan humano, es decir, en base al ego, el que hemos ido formando a lo largo de toda nuestra vida. Más de uno dirá: en la vejez muere el ego. Quien habla con alguna persona sobre su vida, comprueba que la persona mayor se vuelve débil. Cuanto más débil se vuelve, tanto más sale a la luz el ego, que contiene la bajeza, el querer tener la última palabra al otro, la amargura, el ego mordaz.

Esto coincide con lo que fue manifestado por el Cristo de Dios a través de Gabriele, la profeta y mensajera de Dios para el tiempo actual. El dijo: las personas que no confían en Dios se vuelven miedosas, amargadas y quisquillosas. Este comportamiento tan humano y falto de paz en la vida diaria, acelera el proceso de envejecimiento, conduce a depresiones, necesidades, enfermedad y eventualmente incluso a una muerte prematura. Por lo tanto, la alternativa a nuestra vida demasiado materialista y atada a la Tierra es la vida eterna, la que el Cristo de Dios nos muestra una y otra vez. Ésa es la meta a la que merece la pena aspirar en nuestra existencia terrenal, nuestro Ser verdadero.

¿Pero qué es la vida eterna?

La juventud tiene el anhelo de vivir. Sin embargo, no solo ellos si no cada uno podría preguntarse, sobre todo cuando hace algo contrario a lo que dice su conciencia: ¿Es esto correcto? ¿Puedo comportarme con mi prójimo, con los animales, con la naturaleza como me parece en cada momento? Sólo la pregunta muestra que en él la conciencia está todavía activa. En este momento se podría aplicar la regla de oro para la vida de Jesús de Nazaret que dice 'lo que quieres que otros te hagan a ti, hazlo tú a ellos'. O dicho de otra manera, lo que no quieres que te hagan a ti no se lo hagas tampoco tú a nadie.

Cada joven, cada persona debería reflexionar, preguntándose: ¿Qué me aporta para el futuro lo que me he propuesto ahora? ¿Dificultades? ¿Problemas? ¿Y para que me sirve lo problemático? ¿Me debilita o me fortalece? La regla de oro es toda la ayuda perfecta para decidirse. ¿Y cómo me siento cuando me he decidido por lo bueno, por lo correcto? ¿No me siento ligero y libre? El tener en cuenta la regla de oro para la vida nos evita tener dificultades y problemas e infortunios.

Por experiencia sabemos que los jóvenes no tienen tanto miedo ante la vida como las personas mayores. El joven tiene la esperanza de que le aguarda algo extraordinario.

El miedo a que bajo determinadas circunstancias esto no sea así viene normalmente sólo años más tarde, cuando se cae en la cuenta de que no se hizo esto o aquello que debería haber sido llevado a cabo. En la juventud se tiene la esperanza en una vida eterna que también contiene la actividad, que no es sólo el cantar un aleluya a una nube. El joven se imagina que la vida en el eterno Ser está llena de actividad, dinamismo y productividad, que allí se dan inimaginables que no se tienen aquí en la Tierra. Y no deja de tener razón en ello. Sólo con el hecho de que no se vive en los límites de espacio y tiempo se amplía el margen para actuar. La vida en lo divino muestra una dimensión totalmente nueva, que contiene la unidad de la vida.

Uno se imagina cosas extraordinarias en la vida eterna. Pero para acercarse a ellas, ya en la vida terrenal, cada uno tiene que contribuir con algunas cosas. ¡La vida eterna es en efecto extraordinaria! Tan pronto como el alma es otra vez el ser espiritual, es decir, divina, se reintegra en la grande y poderosa celestial, en el poderoso suceso creador del Padre eterno, cuyo espíritu inspira y expira ininterrumpidamente. En los planos celestiales se crean incansablemente nuevos soles y mundos. Todo lo que se ha

incorporado de nuevo es cuidado por seres divinos, pues en ello consiste, entre otras cosas, su actividad.

En el hogar, en el eterno Ser, en el infinito, existen las grandes familias divinas. Ellas actúan en el Reino divino eterno según corresponde a la mentalidad de los miembros de la familia. Cada ser espiritual está integrado en el cosmos universal y es heredero del infinito, lo que quiere decir que la esencia de la vida es cósmica, es la construcción, la estructura del ser divino.

El hogar eterno, el Ser, es la meta de cada alma. Todo el camino interno, que Cristo nos ha dado desde más de 30 años a través de la palabra profética, para acercarse a Dios en nosotros, nos da la posibilidad de volver de nuevo allí, al lugar de dónde todos hemos venido. Nos es mucho más fácil mantener viva esta meta si sabemos que el Reino de luz de los Cielos, nuestro hogar eterno, nos espera en lo más profundo de nuestra alma. Cada alma despierta anhela infinitamente volver a estar allí, en su hogar. Por eso es tan presuntuoso y erróneo el aspirar a la apariencia, al poder y a la riqueza. Porque todo ello pasa. ¿Y qué se es al final? Una pobre alma. ¡Cuán rica es, por el contrario, el alma que se orienta a la vida eterna, que es belleza, pureza, finura de carácter, generosidad y amor que todo lo abarca!

Las palabras del Cristo de Dios sobre 'Más Cerca de Dios en ti' en su gran manifestación

Siendo Jesús de Nazaret enseñé que la palabra de Dios se ha de poner por obra, es decir, se ha de cumplir. Yo hablé en este sentido: quien escuche mis palabras y obra según ellas, es como el hombre sabio que construyó su casa sobre roca. Al llegar las tormentas y caer las aguas, al bramar las tempestades sacudiendo la casa, ésta no se derrumbó, pues estaba construida sobre roca. Pero quien escucha mis palabras y no obra según ellas es como un hombre necio que construyó su casa sobre arena. Al llegar las tormentas y caer las aguas, al bramar las tempestades sacudiendo la casa, ésta se derrumbó y fue totalmente destruida.

La fé por sí sola no es suficiente. El camino que lleva al hogar eterno del Padre comienza con la fé y con el cumplimiento paulatino de las reglas divinas de la vida de los Mandamientos de Dios.

Un deseo especial del Cristo de Dios a nosotros sus hijos, es que apliquemos el mandamiento que Él llama 'la regla para la vida': 'lo que quieres que otros te hagan a ti, hazlo primero tú a ellos'.

O noso reto é cuidar a túa alimentación e o medio ambiente
porque non só ofrecémosche os mellores produtos
ecolóxicos para a túa mesa senón
o compromiso co consumo responsable.

Camiño Vello de Santiago s/n
Melide (A Coruña)
Tif/ fax 981 50 63 92
686 312 851
619 229 334
info@casaalongos.com

**casa
alongos**

Directo á súa mesa



**Queres recibir
comodamente o
Cerne na túa casa?**

SUSCRÍBETE!

Infórmate no 981506188

EVA CAMBA E SUSANA CASTRO, CC XESTIÓN

“O cliente valora pagar unha cuota fixa que cubra tódolos trámites”

Eva e Susana decidiron botarse á aventura e montar unha asesoría en Melide. Hai un seis meses abriron CC Xestión, na rúa Florentino López Cuevillas. Eva encárgase da parte laboral, mentres que Susana adícase ós trámites de contabilidade. Unha “parella perfecta” -formada por unha di-

plomada en Relacións Laborais e unha licenciada en Administración e Dirección de Empresas, respectivamente- que advirte que o 2010 será “moi complicado” tanto para as empresas coma para os traballadores da Terra de Melide. Din que “agora comezará a notarse a crise”.

-Como xurdiu a idea de montar este negocio?

-Susana Castro (SC): Estabamos sen traballo e vimos que o proxecto podería funcionar, porque na zona hai moitas empresas que teñen a asesoría fóra e sáelle moito máis cara.

-Eva Camba (EC): Temos unha idade na que ou nos aventurábase ou despois non o íamos facer. E non tiñamos nada que perder.

-Os comezos sempre son difíciles, e máis nesta época.

-SC: Por agora vaimos moi ben. Xa fixemos varios clientes, constituímos varias empresas, trámites de Tráfico, sucesións... As subvencións que tramitamos concedéronas todas. Estamos contentas, estes seis meses anímannos bastante.

-É un negocio no que os clientes son moi fieis

-SC: Si, tanto para o bo como para o malo. Vainos custar coller moita clientela, pero logo non se soe cambiar de asesoría con frecuencia.

-EC: É un traballo baseado na confianza, porque se manexan datos da intimidade das persoas.

-Como está o sector na comarca?

-EC: Hai varias asesorías, pero a maioría das empresas teñen os servizos contratados fóra e pagan moito máis.

-SC: Se ven que traballamos ben e se cambian quedarán contentos, porque temos prezos moito máis asequibles.

-Hai moita diferenza nos prezos?

-SC: En asesorías de Santiago ou da Coruña poden estar pagando o dobre do que se cobra



Eva Camba (esquerda) e Susana Castro na súa asesoría

en Melide polos mesmos servizos.

-Traballades cunha cota fixa que inclúe varios servizos

-SC: O que pagan xa inclúe tódolos trámites que hai que realizar, é coma unha tarifa plana. Noutros sitios cobran unha cota fixa e por cada imposto que tramitan cóbranlle un tanto a maiores.

-EC: Os nosos clientes valoran saber o que pagan cada mes e qué presuposto teñen que destinar para a asesoría.

-De que dependen as cotas?

-EC: Das obrigacións formais de cada empresa, se ten traballadores ou non, da súa forma xurídica... Facemos presupostos personalizados para cada

cliente.

-Facedes trámites por Internet?

-SC: Normalmente si. A páxina de Hacienda funciona moi ben, permite tramitar a maioría de impostos. Tamén ofrecen información tributaria por teléfono moi completa.

-EC: Ó final repercute na rapidez e no prezo, porque non tes que ir ás administracións e esperar colas para facer os mesmos trámites. Os clientes tamén valoran a rapidez e o resultado é o mesmo.

-Tedes que estar pendentes da lexislación cada día

-SC: Hai que revisar tódolos días o BOE, o DOG e o BOP. Hai que manterse actualizadas constantemente.

-É bo momento para crear

unha empresa?

-SC: Estamos nun momento moi crítico, porque os bancos non dan financiamento a ninguén, cando houbo épocas na que cho viñan ofrecer á casa. A xente está facendo auténticas aventuras para buscar fondos.

-EC: Ofrécense un montón de axudas, pero por outra parte pónense moitas trabas administrativas para concedelas. Ó final accede moi pouca xente a elas.

-Como vedes o 2010 no plano económico?

-EC: Vai haber moita economía sumerxida, pola suba do IVE. A crise comezará a notarse nos pobos pequenos, e sobre todo no sector da construción, porque xa se acabaron as obras que se viñeron facendo o ano pasado.

“Este é un traballo baseado na confianza ó manexar datos da intimidade das persoas”

“Facer trámites por Internet abarata os servizos ó non cobrar gastos de desprazamento”

-SC: Penso que o primeiro semestre do ano seguiremos máis ou menos como ata agora, pero o segundo vai ser moi complicado debido á subida do IVE.

-Subir o IVE foi unha medida acertada?

-EC: Non é unha boa forma de promocionar o consumo cando é un imposto que nos afecta a todos.

-Por que decidistes asociarvos a Asetem?

-EC: Pertencer á asociación é importante porque se fai oír con máis voz que un empresario por si só. Mira polos intereses comúns dos empresarios da zona. E para nós tamén serve de escaparate para ofrecer os nosos servizos ás demais empresas.

Pazo de Vilar de Ferreiros



1



2



3

O dito popular de ‘casa grande, capela, palomar e ciprés, pazo é’ cúmplese á perfección no pazo de Vilar de Ferreiros. Ubicado no lugar do mesmo nome, en Ribadulla, Santiso, a edificación remóntanos a unha construción

orixinal datada no século XV. A torre que se eleva nun lateral dá conta do seu carácter defensivo.

Dende esa data ata os anos 50 estivo vencellado ás familias Soutomaior e Pimentel. Dos señores de Vilar de Ferreiros desta-

cou Don Luis de Sotomaior Pimentel, que emigrou a Perú, onde chegou a ser Visitador de Minerales e Ingenios, segundo conta a súa biografía. Este cargo parece ser a orixe da lenda que di que no aleiro do pazo hai es-

condida unha barra de ouro, aínda que nunca trascendeu ningunha noticia do seu achádego.

Na actualidade, o pazo é propiedade dunha empresa hosteleira que o ofrece para a celebración de bodas e outros eventos.

1. Vista xeral do pazo de Vilar de Ferreiros, en Ribadulla.

2. Fonte de pedra ubicada no interior do recinto.

3. Vista da entrada principal da edificación, co escudo no frontal da porta e a torre.



Os ríos da comarca desbórdanse durante o Nadal. Esta imaxe, do río Ulla ó seu paso pola área recreativa da Cornella, en Santiso, é representativa da evolución do caudal dos ríos da Terra de Melide durante as festas do Nadal. Debido ás intensas chuvias que caeron nos últimos días do 2009 e nos primeiros do ano novo, os cauces sufriron diversas enchentas. O encoro de Portodemouros, aumentou a súa ocupación en máis dun 5% ó acadar preto do 70% de ocupación.

Inventemos el futuro





LA ENERGÍA QUE TE AYUDA A VIVIR MEJOR

Este nuevo año, en Repsol seguiremos trabajando para llevar a tu localidad el Gas Propano Canalizado. Una energía cómoda, rápida, económica y continua para mejorar el bienestar en tu hogar. Contrátala y disfrutarás de gas para la cocina, calefacción y agua caliente siempre que quieras. Una forma de calor para sentirse mejor en casa.

Más información llamando al **901 100 125** o en **repsol.com**

REPSOL GAS

*La red de gas canalizado de Repsol está limitada geográficamente. Consulte las localidades con disponibilidad de red de gas en Repsol.

